



REGULAMENTO DA ANDAINA DE OUTONO 2024

(POLA SERRA DO FARO)

1. **DATA E LUGAR:** Celebrarase o domingo 29 de SETEMBRO de 2024, con saída e chegada no lugar de Penasillás (San Xoán de Laxe, Chantada).
2. **HORA:** Saída ás 10:00h.
3. **PERCORRIDO:** A proba transcorre por camiños e bosques da Serra do Faro, na súa vertente este. Ten unha distancia aproximada de 13 quilómetros, cunha dificultade media, e unha variante de 9kms. para quen desexe facer un percorrido máis curto.
4. **APARCAMENTO:** A organización habilitará un aparcamento específico nunha das entradas ao lugar de Penasillás.
5. **PARTICIPACIÓN:** O número máximo de participantes é de 200 persoas. O feito de inscribirse e participar nesta Andaina implica a aceptación deste regulamento.
6. **INSCRICIÓN:** As inscricións formalizaranse a través da páxina web: www.ccnorte.com. O prazo para inscribirse remata o xoves 26 de setembro de 2024 ás 23:59h.
7. **PREZO:** A inscrición ten un custe de 7€.
8. **ENTREGA DO IDENTIFICADOR:** A entrega do identificador alusivo á Andaina será o domingo día 29 de setembro de 9:00h a 9:45h no local habilitado no lugar de Penasillás. Será obrigatorio colocar o identificador nun lugar visible e non ser manipulado para facer uso de todos os servizos establecidos pola organización.
9. **SINALIZACIÓN:** O percorrido estará debidamente sinalizado e marcado con cintas e frechas.
10. **ACOMPANÑAMENTO CANINO:** A organización non se fai responsable do incumprimento da normativa vixente en relación ao acompañamento canino no medio natural no que poidan incurrir as persoas participantes.
11. **RESPONSABILIDADE:** O dispositivo de seguridade, avituallamentos e sinalización estará debidamente montado dentro do horario da andaina e estará operativo para todos os participantes que se encontren entre os encargados da apertura e os encargados do peche. A organización responsabilizarase dos accidentes que se rexistren dentro do percorrido, pero declina toda responsabilidade en caso de accidente por abandono do itinerario establecido, negligencia do participante ou que este se encontre fora dos parámetros establecidos no punto.
12. A **organización non se fai responsable** dos obxectos de cada participante. A organización non se fai responsable dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes desta andaina.